

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 12771** *Real decreto 960/2013, do 5 de decembro, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo; o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo; o Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo; o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.*

I

Este real decreto introduce modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo; no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo; no Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo; no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, basicamente para adecuar tales textos regulamentarios a recentes modificacións incorporadas nos textos legais que regulan os citados tributos, como as engadidas ao ordenamento por medio da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

Este real decreto consta de cinco artigos e dunha disposición derradeira.

II

No ámbito do imposto sobre sociedades, modifícase o seu regulamento co obxecto, en primeiro lugar, de estender a aplicación dos plans especiais de amortización que fosen obxecto de aprobación para determinados elementos patrimoniais a aquel outros que teñan as mesmas características de carácter físico, tecnolóxico, xurídico e económico e cuxa amortización se inicie nos tres anos seguintes respecto do momento da aprobación do plan.

En segundo lugar, régulase o procedemento que se debe seguir nos supostos de acordos previos de valoración e acordos previos de cualificación e valoración en relación coa redución de rendas procedentes de determinados activos intanxibles. Tamén se regula o trámite procedemental correspondente aos plans especiais de investimento, no suposto da dedución por investimento de beneficios.

Alén do anterior, establécese o prazo de presentación e o contido mínimo da nova comunicación a que se refire o réxime fiscal especial de arrendamento financeiro regulado no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, de acordo coa redacción que deu a este a Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica.

Por último, respecto daquelas persoas ou entidades que teñen obrigação mensual de presentar a declaración e realizar o ingreso correspondente a retencións e ingresos á conta, elimínase o prazo excepcional que existía en relación coa declaración e ingreso correspondente ao mes de xullo.

III

En relación co imposto sobre a renda das persoas físicas, en primeiro lugar modifícanse as circunstancias excluíntes da aplicación do método de estimación obxectiva en función do importe dos rendementos íntegros respecto daqueles contribuíntes que exerzan actividades cuxos ingresos estean sometidos ao tipo de retención do 1 por cento, de acordo cos novos límites introducidos na Lei do imposto aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2013. Como consecuencia do anterior, para facilitar a acreditación do cumprimento do límite previsto no artigo 32.2 d) do Regulamento do imposto prevese a obrigaón de levar a partir do 1 de xaneiro de 2014 un libro rexistro de vendas ou ingresos para estes contribuíntes.

En materia de dedución por investimento en vivenda habitual, e como consecuencia da supresión da dedución a partir do 1 de xaneiro de 2013, elimínase o capítulo do Regulamento do imposto regulador da dedución e prevese a súa aplicación transitoria para efectos da aplicación do réxime transitorio previsto para a dedución na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto.

En liña co anterior, elimínanse as referencias normativas á dedución por investimento en vivenda habitual en materia de obrigaón de declarar.

Por outra parte, ao desaparecer a regulación da dedución por investimento en vivenda habitual e, con ela, o concepto de vivenda habitual, defínese este concepto para efectos da aplicación de determinadas exencións, dando continuidade ao que até o de agora viña aplicándose, e de acordo co concepto que, para estes mesmos efectos, se establece na Lei do imposto.

Respecto da regularización de deducións por incumprimento de requisitos, adáptase o texto regulamentario á configuración transitoria da dedución por investimento en vivenda habitual e actualízanse as referencias ao sistema de financiamento autonómico.

Así mesmo, modifícanse os artigos do Regulamento do imposto relativos á toma en consideración da dedución por investimento en vivenda para efectos da determinación dos pagamentos á conta, con obxecto de adecualos ao réxime transitorio da dedución e sen que tal modificación comporte para os contribuíntes que teñan dereito á aplicación do citado réxime transitorio variación ningunha respecto das normas até o de agora en vigor, ao tempo que se adapta o importe do límite determinante da obrigaón de declarar cando o rendimento do traballo se perciba de varios pagadores á contía legalmente establecida.

Por outra parte, de forma análoga ao sinalado anteriormente en relación co imposto sobre sociedades, respecto daquelas persoas ou entidades que teñen obrigaón mensual de presentar a declaración e realizar o ingreso correspondente a retencións e ingresos á conta, elimínase o prazo excepcional que existía en relación coa declaración e ingreso correspondente ao mes de xullo. Ademais, coa finalidade de reducir as cargas administrativas, elimínase igualmente a obrigaón de entregar ao empregador a copia do testemuño literal da resolución xudicial que fixe a pensión compensatoria ou a anualidade por alimentos para que teña en conta tales pagamentos no cálculo do tipo de retención aplicable ao traballador, e, en consecuencia, é suficiente a simple comunicación de tal situación ao empregador.

Por último, establécese unha nova obrigaón de información para as empresas de nova ou recente creación cuxos partícipes ou accionistas tivesen subscrito accións ou participacións con dereito á dedución por investimento neste tipo de entidades. Igualmente, régulanse as condicións regulamentarias para poder acollerse á exención da ganancia obtida con ocasión da transmisión de tales accións ou participacións cando o importe obtido se destine a subscribir accións ou participacións noutras entidades análogas.

IV

Modifícase o ámbito de aplicación do gravame especial sobre bens inmobles de entidades non residentes de acordo coa recente modificación introducida no texto

refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo.

Ademais, respecto daquelas entidades que teñen obrigación mensual de presentar a declaración e realizar o ingreso correspondente a retencións e ingresos á conta, elimínase o prazo excepcional que existía en relación coa declaración e ingreso correspondente ao mes de xullo.

V

Recentemente introducíronse determinadas modificacións na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, relativas á posibilidade de que as participacións en fondos de investimento españois figuren no rexistro de partícipes da xestora do fondo a nome do comercializador por conta de partícipes.

A implantación deste novo sistema de comercialización dos fondos españois require efectuar cambios na normativa tributaria, tanto a nivel legal, xa incorporados ao ordenamento, como regulamentario, os cales se realizan por medio deste real decreto. Tales modificacións refírense, fundamentalmente, ás obrigacións de retención e información que debe asumir o comercializador e á necesidade de redefinir a base de retención.

Para isto efectúanse as necesarias modificacións nos preceptos relativos ao suxeito obrigado a practicar retención ou ingreso á conta e á determinación da base de retención nas transmisións ou reembolsos de accións ou participacións en institucións de investimento colectivo, dos regulamentos dos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

Ademais, coa finalidade de potenciar a competitividade do sector do investimento colectivo español no exterior, simplifícanse as obrigacións de información previstas no Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes en relación coa comercialización no estranxeiro de institucións de investimento colectivos españolas.

Finalmente, modifícanse determinados preceptos do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria, referentes a obrigacións de información, para incluír o comercializador de fondos españois como novo obrigado tributario.

VI

O capítulo II do título I do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, dedicado aos ingresos da xestión recadatoria, regula tanto a realización de tales ingresos por parte dos obrigados ao pagamento como o ingreso no Tesouro das cantidades recadadas polos órganos de recadación a través das persoas e entidades previstas no citado capítulo. Entre estas encóntranse as entidades colaboradoras na xestión recadatoria que ten encomendada a Axencia Estatal de Administración Tributaria, as cales están obrigadas a ingresar eses importes na conta do Tesouro nos termos previstos no artigo 29 do citado texto regulamentario.

A aplicación práctica do citado precepto e a directa relación entre eses ingresos na conta de Tesouro aberta no Banco de España e a atención das súas obrigacións de pagamento puxeron de manifesto a conveniencia de mellorar a coordinación entre as datas en que, por unha parte, se reciben tales fondos e aquelas en que o Tesouro atenderá os seus pagamentos. Esta conciliación entre ambos os calendarios foi considerada necesaria pola Comisión para a Reforma das Administracións Públicas e como tal se reflectiu entre as conclusións da citada comisión.

Por outra parte, e dado que o Regulamento xeral de recadación non afecta só o ámbito do Estado senón que tamén o aplican outras administracións tributarias en virtude do establecido no artigo 1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, é aconsellable que se permita que cada unha delas poida adaptar as condicións en que as entidades de crédito que teñan a condición de colaboradoras daquelas no que atinxe ao

horario de recepción dos seus respectivos ingresos, o que fai necesaria a modificación do número 3 do artigo 19 do Regulamento xeral de recadación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

Primeiro. Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo:

Un. Engádesse un novo número 9 no artigo 5, o vixente número 9 pasa a numerarse como 10, que queda redactado da seguinte forma:

«9. Os plans de amortización aprobados poderán aplicarse a aquel outros elementos patrimoniais de idénticas características cuxa amortización vaia comezar antes do transcurso de tres anos contados desde a data de notificación do acordo de aprobación do plan de amortización, sempre que se manteñan substancialmente as circunstancias de carácter físico, tecnolóxico, xurídico e económico determinantes do método de amortización aprobado. Esta aplicación deberá ser obxecto de comunicación á Axencia Estatal de Administración Tributaria con anterioridade á finalización do período impositivo en que deba producir efecto.»

Dous. Engádesse o capítulo IX ao título I, que queda redactado da seguinte forma:

«CAPÍTULO IX

Acordos previos de valoración ou de cualificación e valoración de rendas procedentes de determinados activos intangibles

Artigo 32 bis. *Inicio do procedemento.*

1. As persoas ou entidades que teñan o propósito de realizar as operacións susceptibles de acollerse á redución recollida no artigo 23 da Lei do imposto poderán solicitar á Administración tributaria un acordo previo de valoración dos ingresos procedentes da cesión dos activos a que se refire o número 1 dese artigo e dos gastos asociados a eles, así como das rendas xeradas na transmisión, ou un acordo previo de cualificación e valoración que comprenderá a cualificación dos activos como pertencentes a algunha das categorías a que se refire o número 1 do mesmo artigo, e a valoración dos ingresos e gastos asociados a eles, así como das rendas xeradas na transmisión.

2. A solicitude deberá presentarse por escrito, con carácter previo á realización das operacións que motiven a aplicación da redución do artigo 23 da Lei do imposto, e conterá, como mínimo, o seguinte:

- a) Identificación da persoa ou entidade solicitante e das persoas ou entidades cesionarias.
- b) Descrición do activo que pretende ser obxecto de cesión ou transmisión.
- c) Se for o caso, descrición do dereito de uso ou explotación que se pretende establecer e duración.
- d) No procedemento de cualificación e valoración, cualificación motivada dos activos para os efectos do artigo 23 da Lei do imposto.

e) Proposta de valoración dos ingresos e dos gastos asociados á cesión do activo ou das rendas xeradas na súa transmisión con indicación do valor de adquisición e transmisión, expresando o método ou criterio de valoración aplicado e as circunstancias económicas que fosen tomadas en consideración.

f) Os demais datos, elementos e documentos que poidan contribuir á formación de xuízo por parte da Administración tributaria.

3. Nos 30 días seguintes á data en que a solicitude de inicio tivese entrada no rexistro do órgano competente, este poderá requirir o solicitante para que, se for o caso, emende os erros ou complete a solicitude con calquera outra información que considere relevante. O solicitante disporá do prazo de 10 días para presentar a documentación. A falta de atención do requirimento determinará o arquivamento das actuacións e terase por non presentada a solicitude.

4. Poderase acordar motivadamente a inadmisión a trámite da solicitude cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a proposta de valoración, ou de cualificación e valoración, que se pretende formular careza manifestamente de fundamento para determinar o valor dos ingresos procedentes da cesión dos activos e dos gastos asociados, ou ben das rendas xeradas na transmisión, ou a cualificación do activo como apto.

b) Que se desestimasesen propostas de valoración, ou de cualificación e valoración, substancialmente iguais á proposta que se pretende formular.

5. A documentación presentada unicamente terá efectos en relación co procedemento regulado neste capítulo e será exclusivamente utilizada respecto del.

6. O previsto nos números anteriores non eximirá os suxeitos pasivos das obrigacións que lles incumben de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou noutra disposición.

7. Nos casos de desistencia, arquivamento, inadmisión ou desestimación da proposta procederase á devolución da documentación presentada.

Artigo 32 ter. *Tramitación.*

1. A Administración tributaria examinará a solicitude xunto coa documentación presentada. Para estes efectos, poderá requirir aos obrigados tributarios, en calquera momento, cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta, así como explicacións ou aclaracións adicionais sobre ela.

2. No procedemento do acordo previo de cualificación e valoración, o órgano competente para instruír deberá solicitar informe vinculante á Dirección Xeral de Tributos, en relación coa cualificación dos activos para efectos da aplicación da redución do artigo 23 da Lei do imposto. En caso de estimalo procedente, a Dirección Xeral de Tributos poderá solicitar opinión non vinculante ao respecto ao Ministerio de Economía e Competitividade.

A Dirección Xeral de Tributos emitirá o informe, que se comunicará ao órgano solicitante no prazo máximo de tres meses. Este prazo non computará no prazo máximo establecido no número 6 do artigo 32 quáter deste regulamento.

Artigo 32 quáter. *Terminación e efectos do acordo.*

1. A resolución que poña fin ao procedemento do acordo previo de valoración poderá:

- a) Aprobar a proposta de valoración presentada polo obrigado tributario.
- b) Aprobar, coa aceptación do obrigado tributario, unha proposta de valoración que difira da inicialmente presentada.
- c) Desestimar a proposta de valoración formulada polo obrigado tributario.

2. A resolución que poña fin ao procedemento do acordo previo de cualificación e valoración poderá:

- a) Cualificar os activos como non aptos para os efectos do artigo 23 da Lei do imposto.
- b) Cualificar os activos como aptos e aprobar a proposta de valoración formulada inicialmente polo solicitante.
- c) Cualificar os activos como aptos e aprobar outra proposta alternativa formulada ou aceptada polo solicitante no curso do procedemento.
- d) Cualificar os activos como aptos e desestimar a proposta de valoración formulada polo solicitante.

3. O acordo previo de valoración, ou de cualificación e valoración, terá carácter vinculante e formalizárase nun documento que incluíra, cando menos:

- a) Lugar e data da súa formalización.
- b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do obrigado tributario.
- c) Conformidade do obrigado tributario co contido do acordo.
- d) Descrición da operación a que se refire a proposta.
- e) No caso do acordo previo de cualificación e valoración, cualificación motivada dos activos para os efectos do artigo 23 da Lei do imposto.
- f) Valoración que derive do acordo, con indicación dos elementos esenciais do método de valoración empregado, así como as circunstancias económicas que deban entenderse básicas verbo da súa aplicación.
- g) Prazo de vixencia do acordo e data de entrada en vigor.

4. Na desestimación da proposta de valoración ou de cualificación e valoración incluíranse, xunto coa identificación do obrigado tributario, os motivos por que a Administración tributaria a desestima.

5. A desistencia do solicitante determinará a terminación do procedemento.

6. O procedemento deberá finalizar no prazo máximo de seis meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado a resolución expresa, a proposta poderá entenderse desestimada.

7. A Administración tributaria e o obrigado tributario deberán aplicar a valoración e, se for o caso, cualificación, que resulte da resolución, durante o seu prazo de vixencia, sempre que non varíen significativamente as circunstancias económicas que fundamentaron tal cualificación e valoración.

8. A Administración tributaria poderá comprobar que os feitos e operacións descritos na proposta aprobada se corresponden cos que efectivamente houbo e que a proposta aprobada foi correctamente aplicada. Cando da comprobación resultar que os feitos e operacións descritos na proposta aprobada non se corresponden coa realidade, ou que a proposta aprobada non foi aplicada correctamente, a Inspección dos Tributos procederá a regularizar a situación tributaria dos obrigados tributarios.

9. A resolución que poña fin ao procedemento ou o acto presunto desestimatorio non serán impugnables, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que contra os actos de liquidación que no seu día se diten poidan interporse.

Artigo 32 quinquies. *Órgano competente.*

Será competente para instruír, resolver e, no caso de modificación do acordo, iniciar o procedemento a que se refire este capítulo o Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria. O titular deste departamento designará o equipo ou unidade a que corresponderá a tramitación do procedemento e a proposta de resolución.

Artigo 32 sexies. *Modificación do acordo previo de valoración ou de cualificación e valoración.*

1. No suposto de variación significativa das circunstancias económicas que determinaron a valoración, existentes no momento da aprobación do acordo previo de valoración, ou de cualificación e valoración, este poderá ser modificado para adecualo ás novas circunstancias económicas. O procedemento de modificación poderá iniciarse de oficio ou por instancia dos obrigados tributarios.

2. A solicitude de modificación deberá ser subscrita pola persoa ou entidade solicitante e conter a seguinte información:

- a) Xustificación da variación significativa das circunstancias económicas.
- b) Modificación da valoración que, conforme a dita variación, resulta procedente.

A desistencia do solicitante determinará a terminación do procedemento.

A Administración tributaria poderá requirir aos obrigados tributarios, en calquera momento, cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta, así como explicacións ou aclaracións adicionais sobre ela.

A Administración tributaria, unha vez examinada a documentación presentada, e logo de audiencia do obrigado tributario, que disporá para o efecto dun prazo de quince días, ditará resolución motivada, que poderá:

- a) Aprobar a modificación de valoración formulada polo obrigado tributario.
- b) Aprobar, coa aceptación do obrigado tributario, unha proposta de valoración que difira da inicialmente presentada.
- c) Desestimar a modificación formulada polo obrigado tributario, confirmando ou deixando sen efecto a proposta de valoración inicialmente aprobada. Non obstante, non afectará a cualificación dos activos, realizada no acordo previo de cualificación e valoración inicial.

3. Cando o procedemento de modificación fose iniciado pola Administración tributaria, o contido da proposta notificarase ao obrigado tributario, que disporá dun prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, para:

- a) Aceptar a modificación.
- b) Formular unha modificación alternativa, debidamente xustificada.
- c) Rexeitar a modificación, expresando os motivos en que se fundamenta.

A Administración tributaria, unha vez examinada a documentación presentada, ditará resolución motivada, que poderá:

- a) Aprobar a modificación, se o obrigado tributario a aceptou.
- b) Aprobar a modificación alternativa formulada polo obrigado tributario.
- c) Deixar sen efecto o acordo polo cal se aprobou a proposta inicial de valoración, sen que afecte a cualificación dos activos no suposto dun acordo previo de cualificación e valoración inicial.
- d) Declarar a continuación da aplicación da proposta de valoración inicial.

4. O procedemento deberá finalizarse no prazo de 6 meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado unha resolución expresa, a proposta de modificación poderá entenderse desestimada.

5. A resolución que poña fin ao procedemento de modificación non será impugnabile, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que poidan interperse contra os actos de liquidación que poidan ditarse.

6. A aprobación da modificación terá os efectos previstos no artigo 32 quáter deste regulamento, desde a solicitude da modificación ou, se for o caso, desde a comunicación de proposta de modificación.

7. A resolución pola que se deixe sen efecto o acordo previo de valoración inicial, ou de cualificación e valoración inicial en relación coa valoración, determinará, respecto desta, a extinción dos efectos previstos no artigo 32 quáter deste regulamento, desde a solicitude da modificación ou, se for o caso, desde a comunicación de proposta de modificación.

8. A desestimación da modificación formulada polo obrigado tributario determinará:

a) A confirmación dos efectos previstos no artigo 32 quáter deste regulamento, cando non quede probada a variación significativa das circunstancias económicas.

b) A extinción dos efectos previstos no artigo 32 quáter deste regulamento, desde a desestimación.

Artigo 32 septies. *Prórroga do acordo previo de valoración ou do acordo previo de cualificación e valoración.*

1. O obrigado tributario poderá solicitar á Administración tributaria que se prorrogue o prazo de validez do acordo de valoración, ou de cualificación e valoración, que tivese sido aprobado. Esta solicitude deberá presentarse antes dos 6 meses previos á finalización do dito prazo de validez e acompañarase da documentación que considere conveniente para xustificar que as circunstancias postas de manifesto na solicitude orixinal non variaron.

2. A Administración tributaria disporá dun prazo de seis meses para examinar a documentación a que se refire o número 1 anterior, e notificar aos obrigados tributarios a prórroga ou non do prazo de validez do acordo previo de valoración, ou de cualificación e valoración. Para tales efectos, a Administración poderá solicitar calquera información e documentación adicional, así como a colaboración do obrigado tributario.

3. Transcorrido o prazo a que se refire o número anterior sen se ter notificado a prórroga do prazo de validez do acordo previo de valoración, ou de cualificación e valoración, a solicitude poderá considerarse desestimada.

4. A resolución pola que acorde a prórroga ou o acto presunto desestimatorio non serán impugnables, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que poidan interperse contra os actos de liquidación que no seu día poidan ditarse.»

Tres. Engádese un capítulo III ao título II, que queda redactado da seguinte forma:

«CAPÍTULO III

Dedución por investimento de beneficios

Artigo 40 bis. *Plans especiais de investimento.*

1. Cando se probe que, polas súas características técnicas, o investimento ou entrada en funcionamento dun elemento do inmovilizado material ou investimento inmobiliario deba efectuarse necesariamente nun prazo superior ao previsto no número 2 do artigo 37 da Lei do imposto, os suxeitos pasivos poderán presentar plans especiais de investimento.

2. A solicitude deberá conter os seguintes datos:

a) Descrición dos elementos patrimoniais en que se materializará o investimento.

b) Importe efectivo ou previsto dos investimentos.

c) Descrición do plan temporal de realización do investimento e da súa entrada en funcionamento.

d) Descrición das circunstancias específicas que xustifican o plan especial de investimento.

3. O plan especial de investimento presentárase antes da finalización do último período impositivo a que se refire o número 2 do artigo 37 da Lei do imposto. O suxeito pasivo poderá desistir da solicitude formulada.

4. A Administración tributaria poderá pedir ao suxeito pasivo cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios.

O suxeito pasivo poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e presentar os documentos e xustificantes que ache pertinentes.

5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ao suxeito pasivo, quen disporá dun prazo de quince días para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que ache pertinentes.

6. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:

- a) Aprobar o plan especial de investimento formulado polo suxeito pasivo.
- b) Aprobar un plan especial de investimento alternativo formulado polo suxeito pasivo no curso do procedemento.
- c) Desestimar o plan especial de investimento formulado polo suxeito pasivo.

A resolución será motivada.

O procedemento deberá finalizar antes de tres meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente ou desde a data en que se emendou a requirimento do dito órgano.

7. Transcorrido o prazo a que fai referencia o número anterior sen se ter producido unha resolución expresa, entenderase aprobado o plan especial de investimento.

Artigo 40 ter. *Órgano competente.*

Será competente para instruír e resolver o expediente o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.»

Catro. Engádesse o artigo 49, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 49. *Contratos de arrendamento financeiro.*

1. O exercicio da opción establecida no número 11 do artigo 115 da Lei do imposto será obxecto de comunicación á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. A comunicación da opción deberá realizarse antes da finalización do período impositivo en que se pretenda que produza efectos.

3. A comunicación conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Identificación do activo obxecto do contrato de arrendamento financeiro.
- b) Indicación da data de inicio efectivo e fin do período de construción do activo.
- c) Determinación dos importes e do momento temporal en que se van satisfacer as cotas do contrato de arrendamento financeiro.
- d) Indicación de que os activos reúnen requisitos técnicos e de deseño singulares e que non se corresponden cunha produción en serie.»

Segundo. Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2014, introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo:

Un. Modifícanse os ordinais 1.º e 5.º do número 6 do artigo 60, que quedan redactados da seguinte forma:

«1.º No caso de reembolso das participacións de fondos de investimento, as sociedades xestoras, salvo polas participacións rexistradas a nome de entidades comercializadoras por conta de partícipes, respecto das cales serán esas entidades comercializadoras as obrigadas a practicar a retención ou ingreso á conta.»

«5.º Nos supostos en que non proceda a práctica de retención conforme os parágrafos anteriores, estará obrigado a efectuar un pagamento á conta o socio ou partícipe que efectúe a transmisión ou obteña o reembolso. O mencionado pagamento á conta efectuarse de acordo coas normas contidas nos artigos 62.4 parágrafo primeiro, 63.3 e 64 deste regulamento.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 62, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Cando a obrigaçión de reter teña a súa orixe en virtude do previsto na alínea f) do número 1 do artigo 58 deste regulamento, a base de retención será a diferenza entre o valor de transmisión ou reembolso e o valor de adquisición das accións ou participacións. Para estes efectos considerarase que os valores transmitidos ou reembolsados polo contribuínte son aqueles que adquiriu en primeiro lugar.

Cando se trate de reembolso de participacións en fondos de investimento regulados pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, para as cales, por aplicación do previsto no artigo 40.3 da citada lei, exista máis dun rexistro de partícipes, ou de transmisión ou reembolso de accións ou participacións en institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, comercializadas, colocadas ou distribuídas en territorio español, a regra de antigüidade a que se refire o parágrafo anterior aplicará a entidade xestora ou comercializadora con que se efectúe o reembolso ou transmisión respecto dos valores que figuren no seu rexistro de partícipes ou accionistas.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O retedor e o obrigado a ingresar á conta deberán presentar nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, ante o órgano competente da Administración tributaria, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior, e ingresar o seu importe no Tesouro público.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados en que concorran as circunstancias a que se refire o número 3.1.º do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Non procederá a presentación de declaración negativa cando non se satisfixeron no período da declaración rendas sometidas a retención ou ingreso á conta.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.*

Primeiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo:

Un. Modifícase a alínea a) e engádesse unha nova alínea d) no número 2 do artigo 32, que quedan redactadas da seguinte forma:

«a) Que o volume de rendementos íntegros no ano inmediato anterior supere calquera dos seguintes importes:

Para o conxunto das súas actividades económicas, 450.000 euros anuais.

Para o conxunto das súas actividades agrícolas e gandeiras, 300.000 euros anuais.

Para o conxunto das súas actividades clasificadas na división 7 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas ás cales sexa de aplicación o disposto no número 6 do artigo 95 deste regulamento, 300.000 euros anuais.

Para os efectos previstos nos casos anteriores, só se computarán:

As operacións que deban anotarse no libro rexistro de vendas ou ingresos previsto no artigo 68.7 do regulamento deste imposto ou no libro rexistro de ingresos previsto no artigo 40.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

As operacións polas cales estean obrigados a emitir e conservar facturas, de acordo co disposto no Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Non obstante, deberán computarse non só as operacións correspondentes ás actividades económicas desenvolvidas polo contribuínte senón tamén as correspondentes ás desenvolvidas polo cónxuxe, descendentes e ascendentes, así como por entidades en réxime de atribución de rendas en que participen calquera dos anteriores, nas cales concorran as seguintes circunstancias:

– Que as actividades económicas desenvolvidas sexan idénticas ou similares. Para estes efectos, entenderase que son idénticas ou similares as actividades económicas clasificadas no mesmo grupo no imposto sobre actividades económicas.

– Que exista unha dirección común de tales actividades e que se compartan medios persoais ou materiais.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de ingresos elevarase ao ano.»

«d) Tratándose de contribuíntes que exerzan as actividades a que se refire o número 6 do artigo 95 deste regulamento, cando o volume dos rendementos íntegros do ano inmediato anterior correspondente a tales actividades que proceda das persoas ou entidades previstas no artigo 76 deste regulamento supere calquera das seguintes cantidades:

a') 50.000 euros anuais, sempre que, ademais, represente máis do 50 por 100 do volume total de rendementos íntegros correspondente ás citadas actividades.

b') 225.000 euros anuais.

O disposto anteriormente non será de aplicación respecto das actividades incluídas na división 7 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de rendementos íntegros elevarase ao ano.»

Dous. Modifícase o artigo 41, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 41. *Exención por reinvestimento en vivenda habitual e en entidades de nova ou recente creación.*

1. Poderán gozar de exención as ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto na transmisión da vivenda habitual do contribuínte cando o importe total obtido se reinvesta na adquisición dunha nova vivenda habitual, nas condicións que se establecen neste artigo. Cando para adquirir a vivenda transmitida o contribuínte utilizase financiamento alleo, considerarase, exclusivamente para estes efectos, como importe total obtido o resultante de minorar o valor de transmisión no principal do préstamo que se encontre pendente de amortizar no momento da transmisión.

Para estes efectos, asimílase á adquisición de vivenda a súa rehabilitación, tendo tal consideración as obras efectuadas nela que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

a) Que se trate de actuacións subvencionadas en materia de rehabilitación de vivendas nos termos previstos no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución da vivenda mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras análogas sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda o 25 por cento do prezo de adquisición se se efectuase esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao inicio das obras de rehabilitación ou, noutro caso, do valor de mercado que tivese a vivenda no momento do inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado da vivenda a parte proporcional correspondente ao solo.

Para a cualificación da vivenda como habitual, observarase o disposto no artigo 41 bis deste regulamento.

2. Poderán gozar de exención as ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto na transmisión de accións ou participacións polas que se practicase a dedución prevista no artigo 68.1 da Lei do imposto, sempre que o importe total obtido pola transmisión se reinvesta na adquisición de accións ou participacións que cumpran os requisitos previstos nos números 2.º, 3.º e 5.º dese artigo, nas condicións que se establecen neste artigo.

3. O reinvestimento do importe obtido no alleamento deberá efectuarse, dunha soa vez ou sucesivamente, nun período non superior a dous anos desde a data de transmisión da vivenda habitual ou nun ano desde a data de transmisión das accións ou participacións.

En particular, entenderase que o reinvestimento se efectúa dentro de prazo cando a venda da vivenda habitual se efectuou a prazos ou con prezo aprazado, sempre que o importe dos prazos se destine á finalidade indicada dentro do período impositivo en que se vaian percibindo.

Cando, conforme o disposto nos parágrafos anteriores, o reinvestimento non se realice no mesmo ano do alleamento, o contribuínte está obrigado a facer constar na declaración do imposto do exercicio en que se obteña a ganancia de patrimonio a súa intención de reinvestir nas condicións e prazos sinalados.

Igualmente darán dereito á exención por reinvestimento as cantidades obtidas no alleamento que se destinen a satisfacer o prezo dunha nova vivenda habitual que se adquira no prazo dos dous anos anteriores á transmisión daquela.

4. No caso de que o importe do reinvestimento sexa inferior ao total obtido no alleamento, só se excluírá de gravame a parte proporcional da ganancia patrimonial que corresponda á cantidade efectivamente investida nas condicións deste artigo.

5. O incumprimento de calquera das condicións establecidas neste artigo determinará o sometemento a gravame da parte da ganancia patrimonial correspondente.

En tal caso, o contribuínte imputará a parte da ganancia patrimonial non exenta ao ano da súa obtención, practicando autoliquidación complementaria, con inclusión dos xuros de demora, e presentarase no prazo que medie entre a data en que se produza o incumprimento e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se produza o incumprimento.»

Tres. Engádesse un novo artigo 41 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 41 bis. *Concepto de vivenda habitual para efectos de determinadas exencións.*

1. Para os efectos previstos nos artigos 7.t), 33.4.b), e 38 da Lei do imposto, considérase vivenda habitual do contribuínte a edificación que constituía a súa residencia durante un prazo continuado de, ao menos, tres anos.

Non obstante, entenderase que a vivenda tivo o carácter de habitual cando, a pesar de non ter transcorrido o dito prazo, se produza o falecemento do contribuínte ou concorran outras circunstancias que necesariamente exixan o cambio de domicilio, tales como celebración de matrimonio, separación matrimonial, traslado laboral, obtención do primeiro emprego, ou cambio de emprego, ou outras análogas xustificadas.

2. Para que a vivenda constituía a residencia habitual do contribuínte debe ser habitada de maneira efectiva e con carácter permanente polo propio contribuínte, nun prazo de doce meses, contados a partir da data de adquisición ou terminación das obras.

Non obstante, entenderase que a vivenda non perde o carácter de habitual cando se produzan as seguintes circunstancias:

Cando se produza o falecemento do contribuínte ou concorran outras circunstancias que necesariamente impidan a ocupación da vivenda, nos termos previstos no número 1 deste artigo.

Cando este desfrute de vivenda habitual por razón de cargo ou emprego e a vivenda adquirida non sexa obxecto de utilización, caso en que o prazo antes indicado comezará a contarse a partir da data do cesamento.

Cando a vivenda fose habitada de maneira efectiva e permanente polo contribuínte no prazo de doce meses, contados a partir da data de adquisición ou terminación das obras, o prazo de tres anos previsto no número anterior computarase desde esta última data.

3. Para os exclusivos efectos da aplicación das exencións previstas nos artigos 33.4. b) e 38 da Lei do imposto, entenderase que o contribuínte está a transmitir a súa vivenda habitual cando, conforme o disposto neste artigo, a dita edificación constituía a súa vivenda habitual nese momento ou tivese tal consideración até calquera día dos dous anos anteriores á data de transmisión.»

Catro. Suprímese o capítulo I do título IV.

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 59, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Esta adición aplicarase da seguinte forma:

a) Cando se trate da dedución por investimento en vivenda habitual aplicable á cota íntegra estatal ou á dedución por investimento en empresas de nova ou recente creación, engadirase á cota líquida estatal a totalidade das deducións indebidamente practicadas.

b) Cando se trate das deducións previstas nos números 2, 3, 5 e 6 do artigo 68 da Lei do imposto, engadirase á cota líquida estatal o 50 por cento das deducións indebidamente practicadas e á cota líquida autonómica ou complementaria o 50 por cento restante.

c) Cando se trate de deducións establecidas pola comunidade autónoma no exercicio das competencias normativas previstas no artigo 46.1 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e do tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual, engadirase á cota líquida autonómica a totalidade das deducións indebidamente practicadas.»

Seis. Modifícanse o número 1 e a letra A) do número 3 do artigo 61, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Os contribuíntes estarán obrigados a presentar e subscribir declaración por este imposto nos termos previstos no artigo 96 da Lei do imposto. Para efectos do disposto no número 4 dese artigo, estarán obrigados a declarar, en todo caso, os contribuíntes que teñan dereito a dedución por conta aforro-empresa, por dupla imposición internacional ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade, plans de pensións, plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial, seguros de dependencia ou mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible, cando exerzan tal dereito.»

«A) Rendementos íntegros do traballo, cos seguintes límites:

1.º Con carácter xeral, 22.000 euros anuais, cando procedan dun só pagador. Este límite tamén se aplicará cando se trate de contribuíntes que perciban rendementos procedentes de máis dun pagador e concorran calquera das dúas situacións seguintes:

a) Que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supere no seu conxunto a cantidade de 1.500 euros anuais.

b) Que os seus únicos rendementos do traballo consistan nas prestacións pasivas a que se refire o artigo 17.2. a) da Lei do imposto e a determinación do tipo de retención aplicable se realizase de acordo co procedemento especial regulado no artigo 89.A) deste regulamento.

2.º 11.200 euros anuais, cando:

a) Procedan de máis dun pagador, sempre que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, superen no seu conxunto a cantidade de 1.500 euros anuais.

b) Se perciban pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos diferentes das previstas no artigo 7, alínea k), da Lei do imposto.

c) O pagador dos rendementos do traballo non estea obrigado a reter de acordo co previsto no artigo 76 deste regulamento.

d) Cando se perciban rendementos íntegros do traballo suxeitos aos tipos fixos de retención previstos nos números 3.º e 4.º do artigo 80.1 deste regulamento.»

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 63, que queda redactado da seguinte forma:

«2. No caso de que o contribuínte perda a súa condición por cambio de residencia, de acordo co previsto no primeiro parágrafo do artigo 14.3 da Lei do imposto, todas as rendas pendentes de imputación deberán integrarse na base imponible correspondente ao último período que deba declararse por este imposto, e deberá practicarse, se for o caso, autoliquidación complementaria, sen sanción, nin xuros de demora nin recarga ningunha, no prazo de tres meses desde que o contribuínte perda a súa condición por cambio de residencia.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 86, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O tipo de retención, que se expresará con dous decimais, obterase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza positiva entre o importe previo da retención e a contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 do presente regulamento.

Entenderase por importe previo da retención o resultante de aplicar o tipo previo de retención á contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 do presente regulamento.

O tipo previo de retención será o resultante de multiplicar por 100 o cociente obtido de dividir a cota de retención pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento, expresado en números enteiros. Nos casos en que o tipo previo de retención non sexa un número enteiro, arredondarase por defecto se o primeiro decimal é inferior a cinco, e por exceso cando sexa igual ou superior a cinco.

Cando sexa cero ou negativa a diferenza entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención, ou a diferenza entre o importe previo da retención e a contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, o tipo de retención será cero.

Cando a contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento sexa inferior a 33.007,2 euros e o contribuínte, de acordo co disposto no artigo 88.1 deste regulamento, comunicase ao seu pagador que destina cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto, o tipo de retención reducirase en dous enteiros, sen que poida resultar negativo como consecuencia de tal minoración.»

Nove. Modifícase o ordinal 12.º do número 2 do artigo 87, que queda redactado da seguinte forma:

«12.º Se no curso do ano natural o contribuínte destina cantidades á adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto determinante dunha redución no tipo de retención ou comunica posteriormente a improcedencia desta redución.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 88, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os contribuíntes deberán comunicar ao pagador a situación persoal e familiar que inflúe no importe exceptuado de reter, na determinación do tipo de retención ou nas regularizacións deste, e queda o pagador obrigado, así mesmo, a conservar a comunicación debidamente asinada.

A comunicación a que se refire o parágrafo anterior tamén poderá efectuarse por medios telemáticos ou electrónicos sempre que se garantan a autenticidade da orixe, a integridade do contido, a conservación da comunicación e a accesibilidade a ela por parte da Administración tributaria.

Para efectos de poder aplicar a redución do tipo de retención prevista no último parágrafo do artigo 86.1 deste regulamento, o contribuínte deberá comunicar ao pagador que está destinando cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto, e o pagador quedará igualmente obrigado a conservar a comunicación debidamente asinada.

No suposto de que o contribuínte perciba rendementos do traballo procedentes de forma simultánea de dous ou máis pagadores, soamente poderá efectuar a comunicación a que se refire o parágrafo anterior cando a contía total

das retribucións correspondente a todos eles sexa inferior a 33.007,2 euros. No suposto de que os rendementos do traballo se perciban de forma sucesiva de dous ou máis pagadores, só se poderá efectuar a comunicación cando a contía total da retribución sumada á dos pagadores anteriores sexa inferior a 33.007,2 euros.

En ningún caso procederá a práctica desta comunicación cando as cantidades se destinen á construción ou ampliación da vivenda.

O contido das comunicacións axustarase ao modelo que se aprobe por resolución do Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Once. Modifícase a alínea h) do número 2 do artigo 108, que queda redactada da seguinte forma:

«h) Que o contribuínte lle comunicou que está destinando cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto.»

Doce. Modifícase a alínea d) do número 3 do artigo 110, que queda redactada da seguinte forma:

«d) Cando os contribuíntes destinen cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaian ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto, as contías que se citan a seguir:

1.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades que estivesen no método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, cuxos rendementos íntegros previsibles do período impositivo sexan inferiores a 33.007,2 euros, poderase deducir o 2 por cento do rendimento neto correspondente ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano até o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado.

Para estes efectos consideraranse como rendementos íntegros previsibles do período impositivo os que resulten de elevar ao ano os rendementos íntegros correspondentes ao primeiro trimestre.

En ningún caso poderá practicarse unha dedución por importe superior a 660,14 euros en cada trimestre.

2.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades que estivesen no método de estimación obxectiva cuxos rendementos netos resultantes da aplicación dese método en función dos datos-base do primeiro día do ano a que se refire o pagamento fraccionado ou, en caso de inicio de actividades, do día en que estas comezasen sexan inferiores a 33.007,2 euros, poderase deducir o 0,5 por cento dos citados rendementos netos. Non obstante, cando non poida determinarse ningún dato base aplicarase a dedución prevista no número 3.º desta alínea sobre o volume de vendas ou ingresos do trimestre.

3.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que fose o método de determinación do rendimento neto, cuxo volume previsible de ingresos do período impositivo, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións, sexa inferior a 33.007,2 euros, poderase deducir o 2 por cento do volume de ingresos do trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

Para estes efectos consideraranse como volume previsible de ingresos do período impositivo o resultado de elevar ao ano o volume de ingresos do primeiro trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

En ningún caso poderá practicarse unha dedución por un importe acumulado no período impositivo superior a 660,14 euros.

As deducións previstas nesta alínea d) non resultarán de aplicación cando os contribuíntes exerzan dúas ou máis actividades comprendidas en ordinais distintos, nin cando perciban rendementos do traballo e efectuasen ao seu pagador a comunicación a que se refire o parágrafo segundo do artigo 88.1 deste regulamento, nin cando as cantidades se destinen á construción ou ampliación da vivenda.»

Trece. Modifícase a disposición transitoria terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria terceira. *Regularización de deducións por incumprimento de requisitos.*

Cando, por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos, se perda o dereito, en todo ou en parte, ás deducións aplicadas en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009, as cantidades indebidamente deducidas sumaranse á cota líquida estatal e á cota líquida autonómica, do exercicio en que se produza o incumprimento, na mesma porcentaxe que, no seu momento, se aplicou.»

Catorce. Modifícase a disposición transitoria décimo primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo primeira. *Minoración do tipo de retención por aplicación do réxime transitorio de dedución por investimento en vivenda habitual.*

Para efectos da redución de dous enteiros do tipo de retención prevista no artigo 86.1 deste regulamento, non será necesario que reiteren a comunicación prevista no artigo 88.1 deste regulamento ao mesmo pagador os contribuíntes que, tendo dereito á aplicación da redución de dous enteiros do tipo de retención, comunicasen esta circunstancia con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.»

Quince. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo segunda, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo segunda. *Dedución por investimento en vivenda habitual.*

1. A dedución por investimento en vivenda habitual regulada na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto aplicarase conforme o disposto no capítulo I do título IV deste regulamento, na redacción en vigor en 31 de decembro de 2012.

2. Os contribuíntes que por aplicación do establecido na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto exerzan o dereito á dedución por investimento en vivenda habitual, estarán obrigados, en todo caso, a presentar declaración por este imposto.»

Segundo. Engádesse un número 1 ao artigo 69 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As entidades a que se refire o artigo 68.1 da Lei do imposto deberán presentar unha declaración informativa sobre as certificacións expedidas conforme o previsto no número 5.º do citado artigo 68.1 na cal, ademais dos seus datos de identificación, data de constitución e importe dos fondos propios, farán constar a seguinte información referida aos adquirentes das accións ou participacións:

a) Nome e apelidos.

- b) Número de identificación fiscal.
- c) Importe da adquisición.
- d) Data de adquisición.
- e) Porcentaxe de participación.

A presentación desta declaración informativa realizarase no mes de xaneiro de cada ano en relación coa subscrición de accións ou participacións no ano inmediato anterior.

Esta declaración informativa efectuarase na forma e lugar que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas, quen poderá establecer os supostos en que deberá presentarse en soporte directamente lexible por ordenador ou por medios telemáticos.»

Terceiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2014, introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo:

Un. Modifícase a letra B) do número 3 do artigo 61, que queda redactada da seguinte forma:

«B) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso á conta, co límite conxunto de 1.600 euros anuais.

O disposto nesta letra non será de aplicación respecto das ganancias patrimoniais procedentes de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo nas cales a base de retención, conforme o establecido no número 2 do artigo 97 deste regulamento, non proceda determinala pola contía a integrar na base imponible.»

Dous. Modifícase o número 6 do artigo 68, que queda redactado da seguinte forma:

«6. Os contribuíntes que desenvolvan actividades económicas que determinen o seu rendemento neto mediante o método de estimación obxectiva deberán conservar, numeradas por orde de datas e agrupadas por trimestres, as facturas emitidas de acordo co previsto no Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, e as facturas ou xustificantes documentais doutro tipo recibidos. Igualmente, deberán conservar os xustificantes dos signos, índices ou módulos aplicados de conformidade co que, se for o caso, prevexa a orde ministerial que os aprobe.

Para efectos do previsto na alínea d) do artigo 32.2 deste regulamento, os contribuíntes que realicen as actividades a que se refire a citada alínea d) deberán levar un libro rexistro de vendas ou ingresos.»

Tres. Modifícanse os ordinais 1.º e 5.º da alínea d) do número 2 do artigo 76, que quedan redactados da seguinte forma:

«1.º No caso de reembolso das participacións de fondos de investimento, as sociedades xestoras, salvo polas participacións rexistradas a nome de entidades comercializadoras por conta de partícipes, respecto das cales serán as ditas entidades comercializadoras as obrigadas a practicar a retención ou ingreso á conta.»

«5.º Nos supostos en que non proceda a práctica de retención conforme os parágrafos anteriores, estará obrigado a efectuar un pagamento á conta o socio ou partícipe que efectúe a transmisión ou obteña o reembolso. O mencionado pagamento á conta efectuarase de acordo coas normas contidas nos artigos 96, 97.1 e 98 deste regulamento.»

Catro. Modifícase a alínea e) do número 3 do artigo 83, que queda redactada da seguinte forma:

«e) Cando o perceptor de rendementos do traballo estivese obrigado a satisfacer por resolución xudicial unha pensión compensatoria ao seu cónxuxe, o importe desta poderá diminuír a contía resultante do disposto nos parágrafos anteriores. Para tal fin, o contribuínte deberá pór en coñecemento do seu pagador, na forma prevista no artigo 88 deste regulamento, tales circunstancias.»

Cinco. Modifícase o número 2.º do número 2 do artigo 85, que queda redactado da seguinte forma:

«2.º A contía total resultante minorarase no importe derivado de aplicar a escala prevista no ordinal 1.º do número anterior ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención incrementado en 1.600 euros anuais, sen que poida resultar negativa como consecuencia de tal minoración.

Para tal fin, o contribuínte deberá pór en coñecemento do seu pagador, na forma prevista no artigo 88 deste regulamento, tal circunstancia.»

Seis. Suprímese o número 6 do artigo 88.

Sete. Modifícase o artigo 97, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 97. *Base de retención sobre as ganancias patrimoniais derivadas de transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo.*»

1. A base de retención sobre as ganancias patrimoniais derivadas de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo será a contía a integrar na base imponible calculada de acordo coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Non obstante, cando se trate de reembolsos de participacións en fondos de investimento regulados pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, efectuados por partícipes que durante o período de tenza das participacións obxecto de reembolso fosen simultaneamente titulares de participacións homoxéneas rexistradas noutra entidade, ou ben as participacións para reembolsar procedan de un, varios ou sucesivos reembolsos ou transmisións doutras participacións ou accións a que se aplicase o réxime de diferimento previsto no segundo parágrafo do artigo 94.1.a) da Lei do imposto, cando algún deses reembolsos ou transmisións se realizase concorrendo igual situación de simultaneidade nas participacións ou accións reembolsadas ou transmitidas, a base de retención será a diferenza entre o valor de transmisión e o valor de adquisición das participacións que figuren no rexistro de partícipes da entidade con que se efectúe o reembolso, e deben considerarse reembolsadas as adquiridas en primeiro lugar das existentes nese rexistro. Cando no rexistro existan participacións procedentes de aplicación do réxime de diferimento, atenderase ás datas e valores de adquisición fiscais comunicados na operación de traspaso.

Cando concorran as circunstancias a que se refire o parágrafo anterior, o partícipe quedará obrigado a comunicalo por escrito ou por calquera outro medio de cuxa recepción quede constancia á entidade obrigada a practicar a retención ou ingreso á conta coa cal efectúe o reembolso, mesmo no caso de que este non orixine base de retención, e, en tal caso, esta última deberá conservar a comunicación ao dispor da Administración tributaria durante todo o período en que teña rexistradas a nome do contribuínte participacións homoxéneas ás reembolsadas e, como mínimo, durante o prazo de prescrición.

O disposto neste número aplicarase igualmente no reembolso ou transmisión de participacións ou accións de institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, comercializadas, colocadas ou distribuídas en territorio español, así como na transmisión de accións de sociedades de investimento reguladas na Lei 35/2003.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 108, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta deberá presentar, nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior, e ingresar o seu importe no Tesouro público.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo mes inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados nos cales concorran as circunstancias a que se refiren os ordinais 1.º e 2.º do número 3 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

O disposto no parágrafo anterior resultará igualmente aplicable cando se trate de retedores ou obrigados a ingresar á conta que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio do exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta correspondentes ás rendas a que se refiren as alíneas a) e c) do número 1 e a alínea c) do número 2 do artigo 75 do presente regulamento.

Non obstante o anterior, a retención e ingreso correspondente, cando a entidade pagadora do rendemento sexa a Administración do Estado e o procedemento establecido para o seu pagamento así o permita, efectuarase de forma directa.

O retedor ou obrigado a ingresar á conta presentará declaración negativa cando, a pesar de ter satisfeito rendas sometidas a retención ou ingreso á conta, non fose procedente, por razón da súa contía, a práctica de retención ou ingreso á conta ningún. Non procederá presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen, no período de declaración, rendas sometidas a retención e ingreso á conta.»

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo.*

Primeiro. Modifícase o artigo 20 do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20. *Gravame especial sobre bens inmobles de entidades non residentes.*

1. As entidades residentes nun país ou territorio que teña a consideración de paraíso fiscal, que sexan propietarias ou posúan en España, por calquera título, bens inmobles ou dereitos reais de gozo ou desfrute sobre estes, estarán suxeitas ao imposto mediante un gravame especial que se devindicará en 31 de decembro de cada ano e deberá declararse e ingresarse no mes de xaneiro seguinte.

A declaración presentarase por cada inmovible ante a delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria en cuxo ámbito territorial se encontre o inmovible sobre o cal recaia a propiedade ou o dereito real de gozo ou desfrute. Para estes efectos considerarase inmovible aquel que teña unha referencia catastral diferenciada.

Cando unha entidade, de acordo co parágrafo anterior, estiver obrigada a presentar declaración por varios inmobles situados no territorio dunha mesma delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, presentará unha única relación en que se especifique de forma separada cada un dos inmobles.

2. Para os efectos do disposto na alínea b) do número 1 do artigo 42 da Lei do imposto, considerarase que existe unha explotación económica diferenciable da simple tenza ou arrendamento do inmovible cando se dea calquera das circunstancias seguintes:

a) Que o valor real do inmovible ou inmovibles cuxa propiedade ou posesión corresponda á entidade non residente ou sobre os cales recaian os dereitos reais de gozo ou desfrute non exceda en cinco veces o valor real dos elementos patrimoniais afectos a unha explotación económica. Para estes efectos, nos supostos de inmovibles que sirvan parcialmente o obxecto da explotación, terase en conta a parte do inmovible que efectivamente se utilice naquela.

Cando, de conformidade co disposto no parágrafo anterior, non poida considerarse que existe unha explotación económica diferenciabile que afecte a totalidade do inmovible, a base impositiva do gravame especial estará constituída unicamente pola parte do valor catastral ou, na súa falta, do valor determinado consoante as disposicións aplicables para efectos do imposto sobre o patrimonio que corresponda á parte do inmovible non utilizado na explotación económica.

b) Que o volume anual de operacións da explotación económica sexa igual ou superior a catro veces a base impositiva do gravame especial, calculada de acordo co establecido no artigo 41 da Lei do imposto.

c) Que o volume anual de operacións da explotación económica sexa igual ou superior a 600.000 euros.

3. O ministro de Facenda e Administracións Públicas establecerá os modelos para a declaración do gravame especial sobre bens inmovibles de entidades non residentes.»

Segundo. Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2014, introdúcese as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Non obstante o disposto no número 1 anterior, os contribuíntes por este imposto non estarán obrigados a presentar a declaración correspondente ás rendas respecto das cales se practicase a retención ou efectuase o ingreso á conta do imposto, salvo no caso de ganancias patrimoniais derivadas do reembolso de participacións en fondos de investimento regulados na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, cando a retención practicada resultase inferior á cota tributaria calculada conforme o previsto nos artigos 24 e 25 da Lei do imposto.

Tampouco estarán obrigados a presentar a declaración respecto daquelas rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta pero exentas en virtude do previsto no artigo 14 da Lei do imposto ou nun convenio de dobre imposición que resulte aplicable.»

Dous. Engádesse un segundo parágrafo ao número 2 do artigo 11, coa seguinte redacción:

«Non obstante, no caso de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo reguladas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, efectuadas no ámbito da comercialización transfronteiriza a que se refire a disposición adicional única deste regulamento, a obrigaçión de practicar retención ou ingreso á conta corresponderá, en todo caso, á sociedade xestora da institución ou, na súa falta, á sociedade de investimento.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«3. No caso de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio de institucións de investimento colectivo, a base de retención será a diferenza entre o valor de transmisión ou reembolso e o valor de adquisición das accións ou participacións. Para estes efectos,

considerarase que os valores transmitidos ou reembolsados polo contribuínte son aqueles que adquiriu en primeiro lugar.

Non obstante, cando se trate de reembolsos de participacións en fondos de investimento regulados pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, para as cales, por aplicación do previsto no artigo 40.3 da dita lei, exista máis dun rexistro de partícipes, efectuados por partícipes que durante o período de tenza das participacións obxecto de reembolso fosen simultaneamente titulares de participacións homoxéneas rexistradas noutra entidade, a regra de antigüidade a que se refire o parágrafo anterior será aplicada pola entidade xestora ou comercializadora con que se realice o reembolso respecto das participacións que figuren no seu correspondente rexistro de partícipes.

Cando concorra a circunstancia a que se refire o parágrafo anterior, o partícipe quedará obrigado a comunicalo por escrito ou por calquera outro medio de cuxa recepción quede constancia á entidade obrigada a practicar a retención ou o ingreso á conta coa cal se efectúe o reembolso e, en tal caso, esta última deberá conservar a comunicación ao dispor da Administración tributaria durante todo o período en que teña rexistradas a nome do contribuínte participacións homoxéneas ás reembolsadas e, como mínimo, durante o prazo de prescrición.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O retedor ou o obrigado a ingresar á conta polo imposto sobre a renda de non-residentes deberá presentar nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, ante o órgano competente da Administración tributaria, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta efectuados que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior e ingresar o seu importe no Tesouro.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta efectuados que correspondan polo mes inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados en que concorran as circunstancias a que se refire o número 3.1.º do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Os retedores e os obrigados a ingresar á conta presentarán declaración negativa cando satisfixesen rendas das sinaladas no número 4 do artigo 31 da Lei do imposto, salvo nos supostos en que así o estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas.»

Cinco. Modifícase a alínea c) do número 3 da disposición adicional única, que queda redactada da seguinte forma:

«c) A entidade comercializadora estará obrigada a remitir á sociedade xestora ou, na súa falta, á sociedade de investimento, con ocasión da percepción de beneficios distribuídos pola institución ou de reembolsos ou transmisións de participacións ou accións daquela, as certificacións acerca da residencia dos seus clientes perceptores ou transmitentes que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas. Así mesmo, a entidade comercializadora quedará obrigada a remitir á Administración tributaria española, en nome da entidade xestora ou da sociedade de investimento, a relación individualizada dos partícipes ou accionistas perceptores ou transmitentes, así como unha relación anual individualizada dos seus clientes coa súa posición investidora na institución á data que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Non obstante o anterior, as comercializadoras residentes nun país con que España teña suscrito un convenio para evitar a dupla imposición con cláusula de intercambio de información non terán que incluír nas relacións individualizadas antes sinaladas os contribuíntes residentes no mesmo país de residencia da entidade comercializadora, nas seguintes condicións:

1.º Na relación de perceptores ou transmitentes excluirán os contribuíntes respecto das operacións ás cales fose de aplicación algunha das exencións previstas no artigo 14 da Lei do imposto, ou derivada do convenio para evitar a dupla imposición que resulte aplicable.

2.º Na relación de posición investidora non excluirán os contribuíntes que, no exercicio a que se refire a información, obtivesen rendas ás cales non lles sexa de aplicación a exención por normativa interna ou convida.

De igual modo, a entidade comercializadora deberá comunicar á entidade xestora ou á sociedade de investimento o cumprimento de tales obrigacións na forma e prazos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas. No caso de que, por aplicación das exclusións antes sinaladas, non resulte información para ser remitida pola entidade comercializadora á Administración tributaria española, a dita entidade efectuará unha comunicación neste senso á entidade xestora ou sociedade de investimento.»

Artigo cuarto. *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2014, introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo:

Un. Modifícanse o parágrafo primeiro da alínea a) do número 1, e o número 4, ambos do artigo 42, que quedan redactados da seguinte forma:

«a) Os fedatarios públicos, as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, as entidades comercializadoras de participacións en fondos de investimento, as entidades e establecementos financeiros de crédito, as sociedades e axencias de valores, os demais intermediarios financeiros e calquera persoa física ou xurídica, de acordo co disposto nas leis reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda de non-residentes e polas demais leis que conteñan disposicións nesta materia.»

«4. Os obrigados tributarios a que se refire o número 1 deberán facilitar á Administración tributaria a identificación completa dos suxeitos intervinientes nas operacións, con indicación da condición con que interveñen e a porcentaxe de participación, do seu nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, domicilio e número de identificación fiscal, así como da clase e número dos efectos públicos, valores, títulos e activos, e do importe, data e, se for o caso, rendemento ou resultado de cada operación.»

Dous. Modifícanse as alíneas e) e f) do número 1 do artigo 47, que quedan redactadas da seguinte forma:

«e) Na distribución de resultados de institucións de investimento colectivo, a sociedade xestora, a entidade comercializadora de participacións en fondos de investimento ou a sociedade de investimento. No caso de institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, a entidade comercializadora ou o intermediario facultado para a comercialización.

f) Na transmisión ou reembolso de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo, a sociedade xestora, a entidade comercializadora de participacións en fondos de investimento, a sociedade de investimento ou, se for o caso, o intermediario financeiro que medie na transmisión. Cando se trate de

institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, a entidade comercializadora ou o intermediario facultado para a comercialización.»

Artigo quinto. *Modificación do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo:

Un. Modifícase o número 3 de artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«3. As entidades colaboradoras admitirán os ditos ingresos os días que sexan laborables para estas durante o horario de caixa, e aboaranos a seguir na correspondente conta restrinxida.

Cada Administración tributaria poderá limitar a prestación do servizo a un número de horas inferior, dentro do horario de caixa».

Dous. Modifícase o número 1 de artigo 29, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 29. *Ingresos das entidades colaboradoras.*

1. As entidades colaboradoras centralizarán a operación de ingreso no Tesouro das cantidades recadadas durante cada quincena e o envío ao órgano de recadación competente da información a que se refire o número 2. Cada quincena comprenderá desde o fin da anterior até o día 5 ou 20 seguinte ou até o inmediato hábil posterior, se o 5 ou o 20 son inhábiles.

O día 18 de cada mes ou o inmediato hábil anterior, as entidades colaboradoras ingresarán na conta do Tesouro o total do recadado durante a quincena que finaliza o día 5 do referido mes.

O penúltimo día hábil de cada mes as entidades colaboradoras ingresarán na conta do Tesouro o total do recadado durante a quincena que finaliza o día 20 do dito mes.

Para efectos do previsto no presente número consideraranse días inhábiles os sábados, os domingos, as festividades nacionais, autonómicas e locais correspondentes á localidade en que se encontra situada a oficina central da entidade de crédito designada pola Administración tributaria correspondente para recibir os ingresos.

No suposto de que o sistema automatizado transeuropeo de transferencia urxente para a liquidación bruta en tempo real permaneza fechado o día de ingreso determinado de acordo cos parágrafos anteriores, o ingreso realizarase o día hábil inmediatamente anterior.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, as modificacións introducidas polo artigo quinto no Regulamento xeral de recadación entrarán en vigor coincidindo coa finalización da primeira quincena das definidas no artigo 29 do dito regulamento correspondente ao ano natural seguinte á súa aprobación e publicación.

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO